

8.— Corríxese erro no acordo nº 2.19449 relativo á devolución de garantías definitivas.

9.— Rogos e preguntas: Non houbo.

Pontevedra, a 29 de xuño de 2012.—O Secretario Xeral, Carlos Cuadrado Romay.

2012006643

## A N U N C I O

En sesión plenaria de 29 de xuño de 2012 adoptouse o acordo inicial de disolución e derogación dos Estatutos dos seguintes organismos autónomos locais: Escola de Canteiros de Pontevedra, Instituto para a promoción e equipamento de solo industrial da provincia de Pontevedra (IPESPO), Organismo de Xestión de Recursos Locais (ORAL), Caixa de Anticipos de Cooperación, Museo Provincial de Pontevedra e Turismo Rías Baixas. Así mesmo, tamén se adoptou o acordo inicial de disolución do Consello Reitor do Centro Provincial de Asesoramento Municipal (CPAM) e derogación do seu Regulamento.

Ditos expedientes, que se atopan na Secretaría Xeral, expóñense ó público por período de 30 días a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ós efectos de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Pontevedra, 3 de xullo de 2012.—O Presidente, ilexible.—O Secretario, ilexible.

2012006644

## E D I C T O

*A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 29 de xuño de 2012, adoptou entre outros o seguinte acordo:*

### **4.20097.— APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIA (PAC), PARA O ANO 2012**

Vistos os conformes de Secretaria e Intervención, a Xunta de Goberno, no uso das facultades que lle confiren os artigos 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, e 30 do RDL 781/86, de 18 de abril, e consciente da importancia de fomentar e impulsar investimentos para Agrupacións e Asociacións Veciñais, dadas as carencias de recursos das mesmas, aproba as Bases reguladoras de concesión de axudas e subvencións públicas dentro do Plan de Acción Comunitaria para o ano 2012, segundo os principios de obxectividade, concorrencia competitiva, publicidade e transparencia, que literalmente transcripadas son as seguintes:

#### **BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIA (PAC), PARA O ANO 2012**

##### *PRIMEIRA.— OBXECTO*

A finalidade desta convocatoria é apoiar ás Agrupacións e Asociacións Veciñais (en adiante Agrupacións Veciñais) na realización de investimentos, tanto obras como adquisicións, durante o ano 2012.

Os obxectivos dos investimentos que se financiarán con cargo a este programa serán os seguintes:

- a) A mellora do medio rural e barriadas urbanas mediante un mellor aproveitamento dos recursos dispoñibles, que permita ós seus habitantes unhas adecuadas condicións de vida.
- b) O desenvolvemento das Agrupacións Veciñais ó obxecto de aumentar a súa capacidade para resolver os seus problemas. Dita solución requerirá a unión de recursos, esforzos e vontades.

Poderán ser obxecto da subvención:

- Investimentos (obras e adquisicións de bens duradeiros) que estén relacionados coas competencias establecidas nos artigos 25 e 26 da Lei 7/85 de 2 de abril, de Réxime Local, agás a compra de terreos.

O importe total das subvencións públicas, concedidas para esta finalidade, utilizarase exclusivamente:

- Tratándose de obras, na adquisición de materiais e/ou alugamento de maquinaria, e
- Tratándose de subministros, na adquisición dos mesmos.

#### *SEGUNDA. – FINANCIAMENTO*

O seu financiamento e réxime acomodaranse ó determinado nestas Bases.

Dito Programa, por importe de un millón (1.000.000,00) de euros, financiarase con cargo ó Orzamento de 2012, aplicación 942.459.789.07, que poderá incrementarse mediante suplementación de créditos.

#### *TERCEIRA. – REQUISITOS*

As actuacións comunitarias serán caracterizadas pola concorrencia dos seguintes requisitos:

- a) Libre determinación dos veciños na elección dos investimentos que desexen executar.
- b) Voluntariedade na participación e liberdade de ditos veciños sobre a forma de organizarse.

#### *CUARTA. – BENEFICIARIOS*

Poderán solicitar estas axudas tódalas Agrupacións Veciñais que reúnan os seguintes requisitos:

1. – Carecer de fins de lucro
2. – Desenvolvelas súas actuacións no ámbito territorial do municipio ó que pertence.
3. – Non estar incursas en ningún dos supostos de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
4. – Estar ó corrente coas obrigas tributarias (Estado e Comunidade Autónoma), coa Seguridade Social e non ter débedas de ningún tipo coa Deputación.

#### *QUINTA. – SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN*

As solicitudes formalizaranse nos modelos normalizados que se facilitarán no Rexistro Xeral da Deputación, de luns a sábado, no rexistro da súa sé de Vigo, de luns a venres, no Servizo de Cooperación ou na páxina web da Deputación: [www.depo.es](http://www.depo.es), achegando ademais a seguinte documentación:

- a) Memoria explicativa do investimento concreto, acompañado de croquis de situación, asinada polo representante.
- b) Orzamento do investimento a realizar, detallando unidades e prezos unitarios, asinado polo representante e co IVE desglosado.
- c) Declaración responsable na que conste o acordo adoptado polos veciños para a realización do investimento (obra ou adquisición), en réxime de Acción Comunitaria, co nomeamento dun representante único da Agrupación Veciñal e identificación do mesmo, sinalando expresamente o compromiso de completar o financiamento do investimento mediante a achega do traballo, transporte, maquinaria ou metálico, así como de asumir os riscos que puideran xurdir con ocasión da prestación antes citada (Anexo III).
- d) Acta de nomeamento dos representantes da Agrupación Veciñal (Anexo II) ou, de ser unha Asociación, a acta de nomeamento da Xunta Directiva actual, e fotocopia cotexada do C.I.F., no caso de contar con el, así como do D.N.I. cotexada do representante.
- e) Declaración responsable na que conste se a Agrupación Veciñal obtivo ou solicitou calquera outra axuda, subvención, ingresos ou recursos que financien o investimento a subvencionar, e compromiso de comunicar á Deputación as que se obteñan nun futuro (Anexo I).
- f) Declaración responsable de estar ó corrente das obrigas tributarias (Estado, Comunidade Autónoma), coa Seguridade Social, e de non ter débedas de ningún tipo coa Deputación, e autorización á Deputación para obter as correspondentes certificacións. (Anexo I).

- g) Declaración de non estar incurso en causas de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas e de aceptación das bases da convocatoria, asumindo o compromiso de dar cumprimento ás condicións da subvención. (Anexo I)
- h) Certificación, da sucursal correspondente, da conta bancaria na que haberá de ingresarse o importe da subvención, que debe estar a nome da Agrupación Veciñal ou, como mínimo, de tres titulares que figuren na Acta de nomeamento dos representantes da mesma.

As Agrupacións Veciñais só poderán solicitar unha subvención por cada investimento, debendo presentar expedientes completos por cada solicitude.

Incumbe ás Agrupacións Veciñais obter as licenzas necesarias para acometer as obras solicitadas, consonte dispón a Lei 9/2002, do 30 de decembro do solo e urbanismo de Galicia, no Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística e demais disposicións aplicables.

Solicitarán licenza do Concello, sen prexuízo das autorizacións ou concesións que sexan necesarias outorgar polos organismos competentes.

Se a solicitude remitida, acompañada da documentación, non reunise os requisitos da convocatoria ou calquera dos previstos no art. 70 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, requirirase ó interesado para que, nun prazo de 10 días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicando que, en caso de non facelo, terase por desistido, arquivándose sen máis trámites.

#### *SEXTA.—LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN*

As solicitudes irán dirixidas ao Ilmo. Sr. Presidente da Deputación de Pontevedra e presentaranse no Rexistro Xeral da Deputación, de luns a sábado, no Rexistro da súa sé de Vigo, de luns a venres ou nos lugares establecidos no art. 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (na súa redacción segundo o Real Decreto-Lei 8/2011, de 1 de xullo).

O prazo de presentación de solicitudes de subvencións, que se acollan a este programa, comenza o día seguinte ó da publicación da presente convocatoria no boletín oficial da provincia, sendo de 20 días naturais.

#### *SÉTIMA.—COMPATIBILIDADE*

Estas axudas serán compatibles con outras axudas ou subvencións concedidas por outras entidades para o mesmo investimento, pero en ningún caso a contía das mesmas poderá superar o custo real do investimento subvencionado. A tal efecto comunicárase á Deputación Provincial de Pontevedra a obtención doutras subvencións ou axudas propias para a mesma finalidade, procedente de calquera Administración, ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou estranxeiros.

Asimismo, estas axudas non son compatibles con outras concedidas por outros Servizos da Deputación para a mesma finalidade no exercicio 2012, nin doutros Organismos autónomos, debendo as Agrupacións Veciñais comunicar á Deputación tal circunstancia de darse o caso.

#### *OITAVA- CRITERIOS DE CONCESION*

A asignación de axudas ou subvencións dos distintos investimentos (obras ou adquisicións), farase en función dos seguintes criterios:

- 1º—Investimentos en servizos básicos para o municipio, incluídos no artigo 26 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Valorarase ata 10 puntos
- 2º—Número de membros que compoñen a Agrupación ou Asociación. Valorarase ata 10 puntos
- 3º—Número de habitantes da comunidade ou municipio beneficiados, ata 10 puntos
- 4º—Importancia do investimento en función de: tipo de investimento, impacto e alcance territorial, colaboración con outras entidades (de se-lo caso) e calquera outro indicador que permita valorar a súa incidencia de cara ó fomento do investimento, que a xuízo da Comisión de Avaliación se deba considerar. Valorarase ata 25 puntos.

*NOVENA.—INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN*

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ó xefe de Servizo de Cooperación Municipal, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes. Asimesmo, deberá elaborar un informe-proposta provisional, explicando e motivando a aplicación dos criterios de concesión establecidos na base oitava.

O informe-proposta provisional será sometido a estudio e avaliado pola Comisión de Valoración, órgano colexiado composto por:

- Presidente: O Presidente da Deputación ou Deputado en quen delegue
- Vogais: O Presidente da Comisión Informativa de Cooperación Municipal e a Xefa de Servizo de Cooperación.
- Secretario: Actuará como secretario, sen voto, un/unha funcionario/a do Servizo de Cooperación.

A Comisión de Valoración poderá acadar cantos informes estime necesarios para resolver e deberá emitir un informe-proposta definitivo no que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

O procedemento ordinario de concesión das axudas é o de concorrencia competitiva. Non obstante, o órgano competente poderá resolver, ó longo do exercicio orzamentario aquelas solicitudes que, por circunstancias novas ou causas imprevisibles e excepcionais non puideran presentarse no prazo sinalado, reservándose a estes efectos á Presidencia ata un 20 % do crédito total deste programa para a súa concesión directa, tal como se prevee na base 25.2ª das de execución do vixente orzamento provincial. As propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe de fiscalización de Intervención.

Transcorridos seis meses, a partir do día seguinte en que remate o prazo de presentación da solicitude, sen que os interesados obteñan unha resposta expresa, entenderase desestimada a petición.

*DÉCIMA.—REFORMULACION DE SUBVENCIONES*

Os beneficiarios dunha subvención, por razóns xustificadas, poderán solicitar a reformulación da solicitude presentada cando o importe da subvención proposta sexa inferior ó solicitado. Será no momento da comunicación da proposta provisional de concesión cando os beneficiarios poidan reformular dita solicitude para axustar os compromisos e condicións á subvención outorgable e sempre antes de que o órgano competente acorde a concesión da mesma. A nova solicitude, terá que ser aprobada polo órgano competente para a súa concesión e, en todo caso, terá que respetar o obxecto da primeira solicitude e demais requisitos previstos nas bases desta convocatoria e demais normas reguladoras de subvencións.

*DÉCIMO PRIMEIRA.—PUBLICIDADE*

As asociacións/agrupacións veciñais que sexan beneficiarias, deberán darlle a adecuada publicidade do financiamento pola Deputación da actividade subvencionada do seguinte xeito:

- Deberá facerse constar en todas as accións de comunicación ou publicidade (carteis, folletos, programas, placas, cartas, páxina web...) o apoio que recibe por parte da Deputación de Pontevedra. Isto farase incluíndo o logotipo da Deputación nun lugar visible en todas as comunicacións tal e como se indica no Anexo de publicidade.
- Obrigatoriamente, ó remate da actividade subvencionada, deberá acreditarse o cumprimento desta cláusula coa presentación dunha breve memoria das accións de comunicación realizadas.
- No Anexo de publicidade e na páxina web [www.depo.es](http://www.depo.es) atopase o exemplo de tratamento que se lle debe dar á imaxe institucional da Deputación de Pontevedra.
- Para dúbidas e/ou aclaracións cómpre contactar co Departamento de Imaxe Institucional da Deputación de Pontevedra a través do correo electrónico:

[imaxeinstitucional@depo.es](mailto:imaxeinstitucional@depo.es) ou do teléfono 986804100.

*DÉCIMO SEGUNDA.—MODIFICACIÓNS DE SUBVENCIONS*

As subvencións concedidas entenderanse aceptadas se os beneficiarios non se opoñen ou rexeitan expresamente no prazo de dez días hábiles contados desde a súa notificación.

Unha vez recaída a resolución de concesión, poderase solicitar un único cambio ou modificación do seu contido se concorren circunstancias excepcionais, axeitándose ó establecido nas distintas normas desta convocatoria.

As circunstancias serán as seguintes:

- Ter recibido axudas ou subvencións doutros organismos públicos ou privados, que cubran o importe do investimento.
- Ter prioridade na realización doutro investimento que teña que acometer a Agrupación Veciñal, e non conte con crédito de financiamento para levalo a cabo.
- Algún impedimento administrativo ou doutro tipo que impida a súa realización.

Non se admitirá o cambio de aplicación ou modificación do investimento subvencionado, se non se solicita antes do día 31 de decembro de 2012, sempre que existan razóns excepcionais que o aconsellen e así o decida o presidente ou deputado en quen delegue, posto que os investimentos deberán ser realizados durante o ano 2012, tal como recolle o artigo 64.2 do RLXS.

*DÉCIMO TERCEIRA.—XUSTIFICACION E ABOAMENTO DAS SUBVENCIONS*

1.—Unha vez notificadas as axudas concedidas, o beneficiario procederá a súa realización, debendo estar executadas e xustificadas antes do día 31 de marzo do 2013, prazo de tres meses que ven establecido, no artigo 30.2 da LXS, como o adecuado e suficiente para a realización da xustificación.

Se non puidesen xustificalas no prazo establecido, poderase solicitar, antes de que remate dito prazo, unha ampliación do prazo establecido para a xustificación que non exceda da metade do mesmo, e, en todo caso non supere os seis meses, sempre que non perxudique dereitos de terceiro.

2.—Será esixida a xustificación do 100% do orzamento presentado para recibir a totalidade da subvención.

No caso de que se xustifique un gasto inferior ó 100% do orzamento subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención.

3.—Para recibir as subvencións concedidas, de acordo con estas bases, cómpre presentar, directamente na Deputación Provincial, os seguintes documentos:

- a.— Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo (identificando: acreedor e documento, importe, data de emisión, se é posible, data na que se pagou; información, no seu caso, das desviacións con relación ó orzamento que serviu de base á concesión). (Anexo IV).

Os gastos xustificados deberán axustarse ós conceptos incluídos no orzamento inicial, non aboándose máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.

- b.— Facturas orixinais, ou fotocopias compulsadas, conformadas polo Presidente da Agrupación Veciñal, con indicación do DNI. Admitíndose só aquelas que inclúan materiais, aluguer de maquinaria, ou a realización dalgunha adquisición. A xustificación con facturas será, como mínimo, polo importe da subvención concedida.
- c.— Memoria explicativa do investimento realizado e dos resultados obtidos, debidamente asinada polo representante da Agrupación Veciñal.
- d.— Declaración responsable de non ter recibido outras subvencións de Administracións Públicas ou detalle do financiamento obtido para a finalidade subvencionada e declaración responsable de que os ingresos obtidos non superan o custo da mesma. (Anexo IV)



- e. – Acreditación de estar ó corrente das súas obrigas tributarias (do Estado e da Comunidade Autónoma), coa Seguridade Social e de non ter débedas, de ningún tipo, coa Deputación de Pontevedra, situación que determinará de oficio a propia Deputación, a través do Servizo Provincial de Intervención. (Anexo IV).
- f. – Declaración da Agrupación Veciñal de darlle difusión ó investimento subvencionado, facendo constar a colaboración da Deputación-Servizo de Cooperación (Anexo IV), ademais de cumprir co disposto na Base Décimo Primeira sobre a publicidade (Anexo de publicidade). A este respecto o Servizo de Inspección dos investimentos comprobará que foi posto o cartel ou placa de publicidade da subvención concedida e, de non ser así, non se procederá ó libramento da mesma.

Será necesario tamén o informe dos técnicos provinciais correspondentes, que será solicitado polo Servizo de Cooperación, ó obxecto de comprobar a realidade do investimento, e de que o executado se axusta ó previsto na memoria e no orzamento.

O aboamento da subvención practicarase directamente á Agrupación Veciñal na conta bancaria indicada por esta.

#### *DÉCIMO CUARTA.—DEVOLUCIÓN E REINTEGRO*

As axudas concedidas deberán devolvelas ou reintegralas nos seguintes casos:

- a. Por obtelas falseando as condicións requiridas.
- b. Por non aplicala ós fins para os que foi concedida.
- c. Por incumprir o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.

As responsabilidades anteriormente citadas esixiranse de acordo co procedemento previsto na Lei de réxime xurídico das Administracións Públicas. Asímesmo, o reintegro das cantidades efectuarase de acordo co procedemento previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

#### *DÉCIMO QUINTA.—APROBACIÓN DAS BASES*

De acordo co establecido na Base 16.2 das de execución do orzamento para o 2012, e dando cumprimento ó establecido no artigo 18 da Lei Xeral de Subvencións e demais lexislación aplicable, o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno.

#### *DECIMO SEXTA.—DEREITO SUPLETORIO*

Para o non disposto nas presentes bases, contemplarase o establecido nas bases de execución do orzamento xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2012, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e demais lexislación aplicable.

#### *DECIMO SÉTIMA.—RECURSOS*

Contra o acordo da aprobación destas bases que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta publicación (artigos 107 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra segundo o disposto nos artigos 8 da Lei 29/1988, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, e todo iso no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso que se considere pertinente.

#### *ANEXOS DA CONVOCATORIA E MODELOS DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN*

Todos os anexos referidos nas presentes bases ou modelos normalizados para a solicitude e a xustificación destas subvencións serán facilitados no Rexistro Xeral da Deputación, no rexistro da súa sé de Vigo, no propio Servizo de Cooperación ou ben a través da súa páxina web [www.depo.es](http://www.depo.es)



### PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIA - 2012 SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

#### 1. DATOS DA AGRUPACIÓN/ASOCIACIÓN

Agrupación veciñal:		CIF:	
Enderezo a efectos de notificación:			C.P.:
Localidade:	Tel.:	Tel.:	
e-mail:	Fax:		
NA SÚA REPRESENTACIÓN, EN CALIDADE DE (indicar ó cargo):			
D./D.ª:	NIF:		

#### 2. SOLICITUDE

Denominación da subvención:			
Poboación beneficiada:	<input type="text"/>	habitantes	Núm. socios da agrupación: <input type="text"/>
Orzamento:	<input type="text"/>	euros	
Subvención solicitada:	<input type="text"/>	euros	Subvención concedida: <input type="text"/> euros (para cubrir o Servizo)

#### 3. DOCUMENTACIÓN

- Memoria explicativa do investimento e croquis de situación, asinada polo representante
- Orzamento detallado do investimento a realizar, asinado polo representante, e co IVE desglosado
- Fotocopia cotexada do DNI do representante legal da agrupación veciñal, e do CIF cotexado, en caso de telo.
- Anexo I
- Anexo III
- Certificación da conta bancaria a nome da agrupación veciñal
- Acta do nomeamento dos representantes da agrupación veciñal (anexo II) ou da xunta directiva actual

Data:	Asdo.: o solicitante
..... de .....20.....	

Mod. 942.005

Conforme o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros dos departamentos da Deputación Provincial de Pontevedra e a outros relacionados con este trámite. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito, que deberá presentar no Rexistro da Deputación.



### PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIA - 2012 ANEXO I DECLARACIÓN

#### 1. DATOS DO/A SOLICITANTE

D./D <sup>a</sup> :		Como representante da agrupación veciñal:	
Enderezo:		Localidade:	C.P.:
e-mail:	Fax:	Tfno <sup>1</sup> :	Tfno <sup>2</sup> :
Denominación da actuación:			

#### DECLARO

- a.- Que esta agrupación veciñal carece de fins de lucro.  
b.- Que esta agrupación veciñal: (marcar cun X unha das opcións)

- Non se lle concederon outras axudas ou subvencións coa mesma finalidade  
 Si solicitou ou se lle concederon, procedentes de organismos públicos ou entidades privadas, as seguintes axudas ou subvencións:

Relación de axudas solicitadas		euros
		euros
		euros
Relación de axudas concedidas		euros
		euros
		euros

Así mesmo, esta agrupación veciñal asume o compromiso de comunicar as que se obteñan nun futuro.

c.- Esta agrupación veciñal comprométese a completar o financiamento do investimento mediante achega persoal, transporte ou metálico, así como de asumir os riscos que puideran xurdir con ocasión da devandita prestación.

d.- Esta agrupación veciñal non está incurso en causas de prohibición para percibir axudas ou subvencións públicas e coñezo e acepto as bases da convocatoria, asumindo o compromiso de dar cumprimento ás condicións da subvención.

e.- Esta entidade está o corrente coas súas obrigas tributarias (do Estado e da Comunidade Autónoma), coa Seguridade Social, e non ten débedas de ningún tipo coa Deputación. Ó mesmo tempo autorizo á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Comunidade Autónoma e da Tesourería da Seguridade Social.

E para que así conste perante a Deputación de Pontevedra, ós efectos da subvención a conceder por esa institución, suscribo a presente, en  
.....de.....de 20.....

Asdo.: O representante

Conforme o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de carácter confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros dos departamentos da Deputación Provincial de Pontevedra e a outros relacionados con este trámite. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito, que deberá presentar no Rexistro da Deputación.

No apartado b) indicar a porcentaxe de gastos e no c) indicar os ingresos

Mod. 942.006





**PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIA - 2012  
ANEXO II ACTA DE NOMEAMENTO DOS REPRESENTANTES DA AGRUPACION VECIÑAL**

Conforme o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros dos departamentos da Deputación Provincial de Pontevedra e a outros relacionados con este trámite. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito, que deberá presentar no Rexistro da Deputación.

Nome da agrupación

Concello de

En , ás  do día , reúnense, os veciños abaixo asinantes, con expresión de: nome completo, domicilio, sinatura e DNI que acordan nomear os representantes da agrupación veciñal  con domicilio en , ós efectos de solicitar da Deputación de Pontevedra subvencións a través do Programa de Acción Comunitaria, anualidade 2012, para o investimento

facéndose responsable de cumprir estritamente toda a lexislación aplicable e ademais todas as responsabilidades derivadas da súa execución.

TITULARES			
NOME E APELIDOS	DOMICILIO	SINATURA	DNI

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión, na data da acta.  
 .....de.....de 20.....  
 Asdo.



**PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIA - 2012  
ANEXO III ACORDO ADOPTADO POLOS VECIÑOS**

**DATOS DO SOLICITANTE**

Nome/apelidos.:		En calidade de:	
Agrupación veciñal:		CIF:	
Enderezo:			C.P.:
Localidade:	Tfno <sup>1</sup> :	Tfno <sup>2</sup> :	

**DECLARA**

Que os membros desta agrupación veciñal acordamos solicitarlle á Deputación de Pontevedra unha subvención para a actuación  en réxime de acción comunitaria, nomeando a D.  representante único a todos os efectos.

Así mesmo, comprometémonos a completar o financiamento da obra mediante a achega do traballo, transporte, maquinaria ou metálico, así como de asumir os riscos que pudieran xurdir no seu desenvolvemento.

E para que así conste perante a Deputación de Pontevedra, ós efectos da subvención a conceder por esa Institución, suscribo a presente certificación,

.....de.....de 20.....

Asdo.: O solicitante

Conforme o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros dos departamentos da Deputación Provincial de Pontevedra e a outros relacionados con este trámite. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito, que deberá presentar no Rexistro da Deputación.

Mod. 942.008

Pontevedra, 29 de xuño de 2012.— A Xefa do servizo de cooperación, Marina Piñeiro Novo. **2012006567**